

Cabalgata

5 de xaneiro

A cabalgata sairá da Casa da Cultura ás 15.00 h, pasando por todas as parroquias e chegando ao Pavillón Municipal de Guísamo ás 18.30 h. O percorrido e horario desta publicarase uns días antes na páxina web do concello e mandarase polo servizo de Whatsapp e pola aplicación Bergondo Contigo.

**APERTURA DO PAVILLÓN A PARTIRES DAS 1730 HORAS.
GRAN FESTA INFANTIL CON OBRADOIROS E OUTRAS SORPRESAS.
CHOCOLATADA E ROSCÓN DE REIS.**

Postais premiadas concurso Nadal 2017-2018



Infantil
Emma Castro Castro



Primaria 1º 2º 3º
Lucía Otero Queiruga



Primaria 4º 5º 6º
Tomás Veira Quiñones

Organiza:



Colaboran:



Protección Civil
Asoc. Fol. Cult. S. Xoan de Ouces
CPI Cruz de Sar
CRA Bergondo

CONCELLO DE
Bergondo

2018-2019

Nadal
en
Bergondo

V CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL

Poderán participar os/as nenos/as empadroados no Concello de Bergondo, de acordo coas seguintes categorías:

- Educación Infantil.
- Educación Primaria (1º, 2º e 3º).
- Educación Primaria (4º, 5º e 6º).
- Educación Secundaria e Bacharelato.

O tema da postal será alusivo o Nadal e valorarase a orixinalidade e a capacidade creativa. Deberán ser inéditas e confeccionadas polo/a concursante. No caso de que conteña texto deberá ser en galego.

Os traballos presentaranse ata o 14 de decembro de 2018 (inclusive) na Casa da Cultura en horario de 9.00 a 15.00 horas.

O formato da postal será en A5 (medio folio normal, 15x21 cm.). So poderá presentarse unha postal por neno/a. Poderá realizarse en sentido horizontal ou vertical. O soporte será en papel ou cartolina fina. A técnica será libre e poderán utilizarse todas as cores. É aconsellable que non veñan pregadas por si nalgún momento deciden imprimirse. Presentaranse con todos os datos: categoría, nome, enderezo e teléfono na parte posterior da felicitación. Haberá un premio por cada categoría: xogos de lecto-escritura para educación infantil e un eReader ou lector de libros electrónico para o resto dos cursos.

Bases completas na páxina web do Concello bergondo.gal (BOP núm. 220 do 19 de novembro)

"DANZA DA CHOIVA" de "Elefante Elegante"

Sábado, 15 de decembro ás 18.00 h. na Senra.

Idade recomendada: a partir de 3 anos.

Duración: 50 min.

Sinopse: *Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que cuestiona DANZA DA CHOIVA, un espectáculo sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os monicreques.*

O clima e os ecosistemas do planeta están a mudar a un ritmo de vertixe provocando extincións e movementos migratorios inevitables. Debido a iso a conformación das nosas sociedades estase transformando. Esperamos que esta actuación estimule o debate no sentido de identificar causas e definir estratexias de futuro para o noso planeta. Espectáculo gañador do premio María Casares 2017 ao Mellor Espectáculo Infantil.

VISITA DOS REIS MAGOS E DOS PAXES REAIS

Venres, 21 de decembro

Lugar: Escola Infantil Municipal, CRA e CPI de Cruz do Sar. Os Reis Magos levarán un agasallo para cada escola ou clase, así como os premios aos gañadores do V Concurso de postais de Nadal.

PAPANOELADA MOTERA SOLIDARIA

Sábado 22 de decembro, a partires das 16.45 h no Pavillón de Guísamo. **Recollida de alimentos e xoguetes para entregar á Cruz Vermella.**

ENCONTRO DE CORAIS

Sábado, 22 de decembro ás 19.00 h. na Senra.

Idade recomendada: todos os públicos.

Duración: 90 min.

Participan:

- Coral Polifónica Costumes (Bergondo)
- Coro Acordes E.
- Coro de Mulleres Rurais de Guísamo
- Coro Lugar da Lúa (Lubre)

PRAZOS DAS ACTIVIDADES

Preinscrición: do 3 ao 7 de decembro (presencialmente no rexistro/correo electrónico)

Conciliación e mocidade: educación@bergondo.gal

Demais actividades: cultura.deportes@bergondo.gal

Sorteo público (no caso de que haxa máis solicitudes que prazos) na Casa da Cultura o 11 de decembro ás 12.00 h.

Pago: para as actividades con custo realizarase o ingreso do 14 ao 20 de decembro. De non realizarse, causarán baixa, pasando ao seguinte na lista de reserva.

Consulta as programacións específicas en bergondo.gal

XESTIÓN DE PROXECTOS DE PARTICIPACIÓN XUVENIL

Días: 17, 18 e 19 de decembro.

Horario: 17.00 a 19.30 horas.

Idades: mozos/za de 16-30 anos.

Instalación: Casa da Xuventude.

Actividade gratuíta.

NADAL LÚDICO SOLIDARIO NO PAVILLÓN DE GUÍSAMO

Días: 21, 22, 27, 28 e 29 de decembro

Horario: 17.00 a 20.00 h.

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

Días: 26, 27 e 28 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro.

Horario: 7.30 a 14.30 horas.

Prazas: mínimo 8 e máximo 15.

Idades: 6-12 anos.

Instalación: A Senra.

Custo: 2€/día.

CAMPAMENTO DE NADAL

Días: 26, 27 e 28 decembro.

Horario: 9.00 a 15.00 horas.

Prazas: mínimo 15 e máximo 30.

Idades: 4-12 anos.

Instalación: A Senra.

Custo: 18€ (os tres días).

OBRADOIRO MUSICAL MAGO DIAPASÓN

Mércores, 2 de xaneiro

Horario: 17.30 a 18.15 horas.

Prazas: Mínimo 8 e máximo 15.

Idades: 2-5 anos.

Instalación: A Senra (biblioteca)

Actividade gratuíta.

OBRADOIRO DE IOGA E MINDFULNES

Xoves, 3 de xaneiro

Horario: de 17.30 a 18.05 horas.

Prazas: Mínimo 5 e máximo 9.

Idades: 1-3 anos.

Instalación: A Senra (biblioteca)

Actividade gratuíta